

**OBRADOIRO LITERARIO
NO IES LUCUS AUGUSTI
DE LUGO
ABRIL 2008**

Título do obradoiro.- *OS SABORES DA PALABRA*

Impartido por.- Isidro Novo

Primeira xornada

1. Cadáveres exquisitos. Logo de explicar o que é, propor a construción dun poema con esa técnica. Entregalo rematado ao final da xornada. O verso de cada participante deberá de ir asinado a carón.
2. A presenza ameazante dunha **tarántula** sorprende a cada un dos presentes mentres que descansaba na herba. Cada asistente ao obradoiro deberá facer unha interpretación da situación cun máximo de 10 liñas. (15 minutos)
3. Exercicio de lectura. A lectura como vehículo para unha mellor escrita. Tódolos asistentes ao obradoiro deberán ler un pequeno texto ou un poema respectando a puntuación e matizando as emocións que del emanen (tristura, énfase, carraxe, solemnidade...) (depende do nº de asistentes, pero sería ben que non levase máis de 25 minutos).
4. Poemas de autores recoñecidos preséntanselles mutilados aos asistentes. Fáltanlles algún verso. Haberá que fabricarlles uns novos. (15 minutos). Valorarase o acerto no verso substituído, pero tamén a proximidade cos dos poemas orixinais.
5. Narrar unha aventura ocorrida na vida de cada un. En 10 liñas.(15 minutos).
6. Ler en alto o escrito aquelas e aqueles que se atrevan voluntariamente. (15 minutos)
7. Unha palabra por cada asistente ao obradoiro. Con todas elas e sen omitir ningunha, facer un texto. (15 minutos).
8. Desbarre oral (o que quede de tempo). Tratar de improvisar unha historia entre todos oralmente.

Segunda xornada

1. Logo de explicar o que é o **leixaprén** e dado un verso inicial, todos os asistentes haberán de facer un poema utilizando este artificio poético. Realización ao longo de toda a xornada.
2. Intenta substituír a palabra **cousa** nas frases dadas (10 minutos).
3. Exercicio de lectura de textos. Con matización no seu contido e respectando a puntuación, a énfase, etc. (25 minutos).
4. Recreación da escena dun libro que a cada un dos asistentes lle chegara a emocionar ou a sorprender. (15 minutos).
5. Algo anecdótico que vos sorprendera na rúa ou no voso ambiente cotián (que vos causara risa, medo, noxo, satisfacción...)(10 minutos)
6. Ler en alto o escrito aquelas e aqueles que se atrevan voluntariamente(15 minutos).
7. Preferides vivir no campo ou na cidade? Por que? 10 liñas (15 minutos)
8. O poema mutilado. Recuperarlle a rima a un pequeno poema de Manuel María. (10 minutos).
9. Desbarre oral (o que quede de tempo).

Terceira xornada

1. Danse as palabras rimadas dun serventesio (ABAB). Construír a partir delas o resto dos catro versos. As palabras son: fermosa(A), anoitecendo (B), chorosa (A), recendo (B). Realización ao longo de toda a xornada do Obradoiro.
2. Unha persoa que non parece bébeda, vai tirando cartos pola rúa e insultando a todo o mundo. Imaxínade os motivos da súa conduta e expresalos por escrito cun máximo de 10 liñas. (15 minutos).
3. Exercicio de lectura de textos. Seguindo as directrices expresadas en anteriores sesións. (15 minutos).
4. Dado un suceso e sabidas as circunstancias, escribir os comentarios que farían del os seguintes observadores-narradores: a) Unha persoa culta. b) Un pasota. c) Un filósofo. d) Unha persoa común da rúa. (de 15 a 20 minutos).
Un home está subido á antena do edificio de Telefónica e promete tirarse de alí en media hora como non lle traían en helicóptero a moza coa que rompeu e que esta lle diga que o quere.
5. Experimento co cuarteto fantástico: partindo das palabras **culleres, estrelas, maxia e música**, facer unha breve narración. En 10 liñas. (15 minutos).
6. Imaxinar comportamento dunha persoa logo de dar datos externos da súa personalidade. (10 minutos).
7. Desbarre oral (o que quede).

Cuarta xornada

1. Substitúe o verbo facer nas seguintes frases: a) Andrés, o xastre, fai traxes á medida; b) Hoxe teño que facer un informe; c) Foi preciso facer unha gabia no terreo; d) Faraste arquitecto en pouco tempo; e) Faise a parva, pero diso non ten nin un pelo; f) Fixéronseme curtas as vacacións, coma sempre; g) As abellas fan mel co néctar das flores; h) Van facer pronto a nova terraza; i) Derrubaron a casa vella e agora xa non fai sombra na aira; l) O pintor está facendo un cadro moi fermoso; m) Estou a facer unha narración. Outros fan poemas. (10 minutos)
2. Alguén chora caladiñamente nun recuncho e en soidade. Imaxinar o motivo e expresalo nunhas 10 liñas (15 minutos).
3. Exercicio de lectura de textos. Segundo o establecido en días anteriores. (20 minutos).
4. Creación de eslogans atractivos para a promoción dos nosos produtos: A gastronomía, a muralla, , a arte, o río Miño, o turismo... (15 minutos).
5. Experimento co chamado trinomio fantástico. Facer unha breve historia partindo, por exemplo, das palabras **sombreiro, mazá e solpor** . 10 liñas. (En 15 minutos).
6. Confusión de contos. Facer unha breve historia mesturando **Carapuchiña Vermella , O gato con botas e O parrulo feo**. (20 minutos).
7. Asociar cada palabra co primeiro que se vos veña á mente: 1) Azul, 2) Carne, 3) Xeada, 4) Coche, 5) Lágrima, 6) Martelo. (5 minutos)
8. Desbarre oral. (O que quede de tempo).

Quinta xornada

1. Que che pareceu este **obradoiro literario**?, atopáchelo interesante?, pasáchelo ben el?, quererías que durase máis?, descubriches en ti unha vocación literaria que descoñecías? (10 liñas e 15 minutos).
2. Describe Lugo. Quererías vivir ou non sempre aquí? Por que? (15 minutos).
3. Exercicio de lectura de textos. Vocalización e exercicios de lectura lenta. (uns 15 minutos).
4. Facer un acróstico co propio nome. (10 minutos).
5. Lexicómetro. Varias frases ás que lles falta unha palabra inusual. Colocalas no lugar que corresponda. (10 minutos).
6. Redacción dunha breve sátira sobre algo ou alguén que nos molesta. 10 liñas (15 minutos).
7. Quen ou que é o que cres que merecería ser por ti máis querido. Razoalo da maneira máis literaria posíbel. (10 minutos).
8. Xogo coas cores. Pensar en catro cores e escribir que suxestionan. Que significan para cada un esas cores. (10 minutos).
9. Desbarre oral. O que quede de tempo.